

SESIÓN ORDINARIA DE 5 DE MAIO DE 2.008

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día cinco de maio de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez e D^a Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

D. Arcadio Lombao Román excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DIAS 27 DE XUÑO, 22 DE XULLO E 29 DE AGOSTO DE 2008.

Ponse de manifesto ós membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 27 de xuño, 22 de xullo e 29 de agosto de 2008 cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, ditas actas quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN DO PROTOCOLO XERAL DE COLABORACIÓN RELATIVO Á PROTECCIÓN DO MEDIO FLUVIAL E A PREVENCIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓNS NO MUNICIPIO DE OUTEIRO DE REI.

Exponse sucintamente polo sr. Alcalde o contido da proposta de protocolo xeral de actuación relativo a protección do medio fluvial e prevención de risco de inundacións no municipio de Outeiro de Rei, plantexado inicialmente pola Confederación Hidrográfica do Norte nunha reunión na que se trasladou dende este Concello as intencións de asinalo.

Este Protocolo, (cuxo cumprimento agora se asumirá pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil), pretende a protección e a conservación dos espazos afectados polos cursos fluviais, nun marco de colaboración entre as administracións afectadas, no que o Organismo de Cuenca porá a disposición dos municipios recursos suficientes para afrontar as actuacións necesarias. Dende un punto de vista urbanístico, se prevé que nas sucesivas modificacións de planeamento se prevea a protección dos espazos fluviais. A este respecto, as actuais Normas Subsidiarias de Planeamento, prevén una marxe de protección dos cursos fluvias de 100 metros, que se califica como solo rústico de especial protección de augas, polo que actualmente xa se prevé un réxime de protección alomenos igual ao previsto neste protocolo.

Culmina anunciando que a postura do seu Grupo Municipal é a de adherirse ao citado protocolo.

Intervén don Miguel Ángel López Varela voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que asegura que a protección dos cauces fluviais é de moita importancia, e que sería convinte que o planeamento municipal mellorase a protección destes espazos. Pon coma exemplo o campo de Sante Isabel, xa que existen algúns elementos, coma os eniles, que son de gran interese para o Concello. Polo tanto, ao marxen de que apoiarán este punto, deixan constancia da necesidade de adoptar outras medidas de protección.

No uso do seu turno de intervencións, dona Dulce María Neira Fraga, en representación do Grupo Municipal do BNG, manifesta o apoio do seu grupo a aprobación deste protocolo, así como o seu desexo de que se leven a cabo, na práctica, os contidos nel asinados.

O sr. Alcalde asegura que dito contido se vai a cumprir na súa integridade, e que gran parte do seu contido se cumpre xa na actualidade. Asegura que, cando se proceda a revisión do planeamento xeral do concello se mellorará a protección actualmente existente tendo presente os contidos do protocolo, se ben isto será no seu momento.

Sométese a votación a proposta de aprobación do protocolo xeral de actuación relativo a protección do medio fluvial e prevención de risco de inundacións no municipio de Outeiro de Rei.

Efectuada a votación, dita proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

A instancias do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Non xurdindo debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar a seguinte rectificación do inventario municipal de bens e dereitos:

FINCA RÚSTICA Nº 7

MATELA

NOME: PARCELA Nº 329 do polígono 106 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción: rústico, agrario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: A Granda, parroquia de Matela

Lindeiros:

Norte: parcelas 330, 332, 333 e 10009 do mesmo polígono.

Sur: Camiño.

Leste: parcela 450 do polígono.

Oeste: Camiño.

SUPERFICIE: 4.889 M2, trala expropiación de 109 m2, no seo do expediente lu/02/018.01, da COTOP.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Resolución expediente investigación de fecha de 18 de xullo de 2008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

FINCA URBANA Nº 63

COLECTOR DA URBANIZACIÓN SANTA ISABEL

NOME: SERVIDUME FORZOSA PARA INSTALACIÓN DE COLECTOR MUNICIPAL

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben demanial

Prescripción: servizo público.

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei.

Núcleo / lugar: URBANIZACIÓN SANTA ISABEL. Parcela 46 do polígono 60.

Descripción: Porción de tres metros de anchura e setenta e sete metros de lonxitude da parcela 46 do polígono 60, que linda: norte: máis do predio servinte, Sur: Parcela 45 do polígono 60; Leste: PROGALI, 2002 S.L., e Oeste: Estrada Provincial

SUPERFICIE: 231 m2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión formalizada con data de 23 de setembro de 2008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Padrón Catastral: POLÍGONO: 60; PARCELA: 46

VALOR ACTUAL: 1000 euros.”

Efectuada a votación, a proposta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.- ADHESIÓN AO GDR-4 (TERRAS DE LUGO) E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES.

Iníciase o debate mediante a exposición polo sr. Alcalde, do obxecto da proposta de resolución, explicando que, no seu día, tróuxose a este Pleno a adhesión ao GDR-4, fora cal fora o nome da asociación.

O Concello de Outeiro de Rei adheríuse, en virtude de aquel acordo, a asociación “Contorno do Miño” que, no seu momento, presentou candidatura para o GDR-4.

Non obstante, dende a Xunta de Galicia, a través do AGADER, obstaculizouse o feito de que dúas asociacións presentasen candidaturas a xestión dos fondos europeos, alegando a posibilidade de perder ditos fondos.

É por iso polo que, coa finalidade de concorrir á xestión de ditos fondos europeos, a asociación á que se adheriu no seu momento este concello, retirou a candidatura presentada, polo que agora únicamente resta unha asociación con candidatura ao GDR-4, que se constituíu co nome de “Terras de Lugo”.

A presente proposta de resolución pretende adherirse a esta asociación “Terras de Lugo”, e contribuir, deste xeito, a obtención e xestión do fondos comunitarios.

Asemade, proponse nomear como representantes municipais a Don José Pardo Lombao como titular e a don Serafín Vázquez Arias, en calidade de suplente.

Toma a palabra a sra. Dulce Neira Fraga, en calidade de voceira do Grupo Municipal do BNG, que respalda a proposta de resolución, recordando que, no seu día, dende o seu grupo apoiouse a adhesión ao GDR-4, fose cal fose o nome da asociación.

Pola súa banda, don Miguel Ángel López Varela, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, alega que, se ben o seu grupo apoia, como fixo no seu día, a proposta de adhesión ao GDR-4, tamén neste intre se vé obrigado a recordar que unha xestión democrática esixiría que tódolos grupos municipais presentes no Pleno teñan representación na asociación “Terras de Lugo”, e que o nomeamento de representantes non se limite a nomear a concelleiros do Grupo Municipal do PP.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que únicamente pode nomearse a un representante por asociado, (máis o seu suplente), e que, como é lóxico, este representante debe corresponder ao Grupo con maior representación no Pleno, que é o Grupo Municipal do Partido Popular.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“1- Solicitar a integración na asociación “Terras de Lugo”

2- Nomear como representante do Concello de Outeiro de Rei en dita asociación a don José Pardo Lombao en calidade de representante titular, e a don Serafín Vázquez Arias, en calidade de suplente.”

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

5.- DACIÓN DE CONTA DO RESULTADO DA INSPECCIÓN DO PERSOAL DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NORTE AS ESTACIÓNS DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS DE OS ALARGOS E O SALETE, ASÍ COMO DA PROVIDENCIA DICTADA NO AUTO NÚMERO 239/2008, DECLARANDO A FIRMEZA DA SENTENZA RECAÍDA NO RECURSO Nº 2008/0239-A.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario da conta do contido da documentación relacionada no punto da orde do día.

Rematada a lectura, o sr. Alcalde resume o texto nos seguintes termos:

- A inspección realizada polos inspectores da Confederación Hidrográfica del Norte evidencian que non existen verquidos de augas residuais en Os Alargos e O Salete.
- É firme a Sentenza na que se rexeitan as pretensións de anulación da taxa de acometida e enganche ao servizo municipal de auga.

6.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a proposta da Alcaldía que, conxuntamente co resto do expediente, se adxuntou en copia a notificación da convocatoria do presente Pleno.

O texto literal da proposta é o seguinte:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA

Esta Alcaldía en base á Memoria formulada relativa a modificación de créditos no Orzamento do 2008 (cumpridas tódalas esixencias legais tal e como se sinala no Informe de Intervención de de Outubro, e tendo en conta que os novos créditos que se propoñen son necesarios para poder facer fronte ás obrigacións da Corporación de carácter inaprazable e que non existe ningún prexuízo para os intereses xerais do Municipio, propónse

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de modificación de créditos á que fai referencia a Memoria da Alcaldía do día 20 de Outubro debendo ser aplicadas as cantidades ás partidas que se brefran na devandita Memoria, tal como seguidamente se expresa:

1º) CRÉDITOS NECESARIOS

a) Concesión de suplementos de credito (Partidas non dotadas en cuantía suficiente no Presuposto)

<i>Partidas Orzamtaria</i>	<i>FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS E CAUSAS DA SÚA NECESIDADE</i>	<i>CONSIGNACIÓN ANUAL Euros</i>
<i>1.62</i>	<i>Inversión nova asociada a gastos de Administración Xeral</i>	<i>17.097,31 €</i>
<i>3.48</i>	<i>Promoción social, transferencias correntes</i>	<i>20.936 €</i>
<i>4.20</i>	<i>Arrendamiento bens de carácter social</i>	<i>9.614,20 €</i>
<i>4.21</i>	<i>Reparación, mantemento e conservación de bens de carácter social</i>	<i>170.000 €</i>
<i>4.22</i>	<i>Material, suministro e outros de bens de carácter social</i>	<i>180.000 €</i>
<i>5.20</i>	<i>Arrendamiento de bens de carácter económico</i>	<i>6.970 €</i>
	<i>TOTAL SUPLEMENTO DE CRETO.</i>	<i>404.617,51 €</i>

2º) FINANCIACIÓN

Para financiar os créditos detallados no apartado anterior, arbítranse os seguintes recursos:

<i>Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería:</i>				<i>EUROS</i>
			<i>Remanente dispoñible nesta fecha.....</i>	<i>1.376.344,19</i>
			<i>Cantidade que se precisa utilizar neste expediente.....</i>	<i>404.617,51</i>
<i>Diferencia: Cantidade de Remanente Sobrante.....</i>				<i>971.726,59</i>

SEGUNDO: Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, ós efectos de reclamacións.

TERCEIRO: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ámbolos dous trámites a publicación no B.O.P. e no Taboleiro de Edictos do Concello.-

Outeiro de Rei a 23 de Outubro de 2008.

O ALCALDE

José Pardo Lombao “

Rematada a exposición da proposta, intervén dona Dulce Neira Fraga, en calidade de voceira do Grupo Municipal do BNG, que si ben dí entender a necesidade do Concello de atender as obrigas orzamentarias contraídas, considera que deberían explicitarse a natureza e finalidades concretas dos gastos que se pretenden amparar con estas modificacións

Don Miguel Ángel López Varela, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, destaca que na presente sesión se trae a aprobació a acta do Pleno no que se aprobou o Orzamento, e a continuación, a modificación deste mesmo Orzamento nunha contía de 404.617,51 euros, (preto dos sesenta e sete millóns das antigas pesetas), o que pon en evidencia unha moi grave falla de previsión na aprobación do Orzamento.

Destaca, asemade, que existe unha gran indefinición do destino dos cretos a modificar, que deberían explicitarse. Por outra banda, se se pretende dotar orzamentariamente, por exemplo, o aluguer das carpas da feira de artesanía, é

inexplicable cómo non se dotou inicialmente cando o ano pasado xa se celebrou dita festa, e sobre todo cando os Ornamentos se aprobaron ben pasado o verán.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao especificando os gastos aos os que se adica o importe da modificación: Arrendamento de máquina retrocargadora, de carpas da festa de artesanía, Ampliación do servizo de alumeadado público (derivado das novas demandas vencelladas ao crecemento da poboación municipal), mantemento da rede de auga (a rede é moito máis longa, coa entrada en funcionamento de varios quilómetros de rede xeral), de edificios municipais (cada vez temos máis edificios afectos a servizos públicos), etc..

Polo tanto, e salvo a partida 1.62, que vai íntegramente adicada aos gastos de ampliación e mellora da Casa Consistorial, as restantes partidas se adican a gastos de diversa natureza e vencellados ao funcionamento e ampliación dos servizos.

Especialmente importante é o incremento da partida 4.21, adicada aos servizos de recollida e eliminación de lixo, alumeadado público, enerxía eléctrica ..etc. é dicir, gasto corrente derivado da prestación de servizos. Este tipo de gasto podemos dicir, por sorte, que aumenta, xa que o seu aumento deriva do crecemento da poboación e dos servizos. Nos últimos oito ou dez anos aumentamos un 25% a poboación e as actividades económicas asentadas no concello, o que ineludiblemente implica un incremento dos custes dos servizos.

Ata o momento se estivo mellorando continuamente os servizos do termo municipal, levando o auga e a recollida de lixo a tódolo concello, realizando acceso viario e alumeadado público a tódalas vivendas (así coma a súa conservación) ... etc.

E todo isto cubríndose sen endebedamento e, no seu caso, con remanente de tesourería do ano anterior, que nos tempos que corren non é pouco.

Dona Dulce Neira Fraga insiste na necesidade de explicitar no expediente os destinos dos gastos que se pretenden cubrir con esta modificación. Asemade, asegura que existiu unha falla de previsión na confección do orzamento.

Don Miguel Ángel López Varela dí que a excusa de que o Concello medrou non é aplicable neste caso, xa que o Concello medraría, pero nestos dous meses non se produxo todo este crecemento. Éstos gastos deberían coñecerse fai dous meses e non se previron no orzamento: Isto é imprevisión.

Recorda o sr. Pardo Lombao que os Ornamentos son meras previsións de ingresos e gastos, e que poden ou non cumprirse. De feito, neste Concello non se fan moitas modificacións de creto, algúns anos non se fixo ningunha. Pero o caso é que existe un remanente de Tesourería que debe ter aplicación orzamentaria, e isto se consegue con esta modificación, ao tempo que se mantén o nivel de servizos que presta o Concello.

Existe a dúbida de que, coa situación económica actual e as medidas que se adoptan dende o Goberno da Nación poidan manterse o nivel de servizos, pero a día de hoxe é a nosa firme intención e con esta modificación se refrenda esta vontade.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de modificación de crédito transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, pertencentes ao membros do Grupo Municipal do PP, e catro abstencións, pertencentes aos restantes membros da Corporación.

7.- MOCIÓNS PRESENTADAS

Iníciase o debate do presente punto da orde do día co exame do escrito de moción presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, con data de rexistro de entrada de 29 de outubro de 2008, e número de rexistro 2686, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 9/2008 DO 28 DE XULLO DE MEDIDAS TRIBUTARIAS SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

O pasado día 7 de agosto, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2008, sobre medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns en Galicia, que entrou en vigor o día 1 de setembro.

En primeiro lugar é convinte recordar que a primeira reforma deste imposto foi acometida polo PPdeG cando gobernaba a Xunta de Galicia no ano 2002, (lei 3/2002 de 29 de abril de medidas de réxime fiscal e administrativo, e lei 7/2002 de 27 de decembro de medidas fiscais e réxime administrativo) convertindo a Galicia en comunidade autónoma pioneira en acometer rebaixas fiscais no imposto de sucesións e doazóns.

REFORMA CATIVA E INSUFICIENTE

Pola contra, e a pesar dos esforzos propagandísticos da actual Xunta de Galicia por dar a entender outra cousa, o certo é que as medidas tributarias acometidas neste imposto na súa recente reforma publicada no D.O.G o 07.08.08, se por algo destacan é por ser insuficientes, incompletas e discriminatorias respecto ás comunidades autónomas case todas gobernadas polo PP, nas que este imposto xa non existe.

Así, moitos galegos e galegas xa se viñan beneficiando dende o ano 2002 de rebaixas impositivas presentadas agora como novidades, como o caso das transmisións das pequenas e medianas empresas.

O alcance, máis propagandístico que real da reforma se evidencia nas propias cifras, nos números. Así, o impacto económico da reforma revela que a perda de recaudación prevista é apenas dun 35%, moi lonxe do 90 % que a Xunta de Galicia intenta “vender”.

REFORMA INCOMPLETA

Deste xeito, cando casi o 70% das C.C.A.A. teñen suprimido de feito o imposto, entre os membros da unidade familiar básica, en Galicia seguimos tendo que tributar. A día de hoxe, once Comunidades Autónomas xa suprimiron o imposto de sucesións e doazóns: Cantabria, A Rioxa, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Madrid, Murcia, Valencia, Canarias, País Vasco e Navarra. Por conseguinte, os galegos e galegas seguimos a estar en peor posición respecto os cidadáns de aqueles territorios que xa non tributan, que son máis de 23 millóns en todo o Estado.

As doazóns de pais a fillos seguen gravadas na súa totalidade, constituíndo un motivo máis para a deslocalización dos patrimonios familiares.

Por elo, a reforma non soluciona o principal problema que tiña este tributo, posto que aínda permanecen as diferencias entre Galicia e moitas comunidades onde practicamente é gratis heredar.

REFORMA DISCRIMINATORIA

A nova norma, trata de xeito distinto aos que son iguais e iguala aos que son diferentes.

Ademais da discriminación territorial, é discriminatoria no trato persoal aos contribuíntes, pois trata de xeito distinto a aqueles que teñen os mesmos dereitos derivados da mesma situación xurídica (porque ocupan a mesma posición na liña hereditaria), e polo tanto deberían ser tratados de igual xeito.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte MOCIÓN para a súa consideración e aprobación polo Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

Instar á Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica, a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.

*Outeiro de Rei, a 22 de outubro do 2.008
Asdo.: José Pardo Lombao”*

O sr. Pardo Lombao defende a moción asegurando que, pese os anuncios e publicidade que se lle dá a modificación deste imposto, os datos da recadación revelan a verdade. E ísta é que a recadación únicamente baixou nun 25%, mentres que nas comunidades autónomas nas que goberna o Partido Popular a baixada foi do 100%.

Día lei que quedan exentas as herdanzas de importe inferior a 125.000 euros. En Galicia, pese a ser pobres, a meirande parte das herencias está por riba deste importe. Nos defendemos a supresión deste imposto.

Intervén don Miguel Ángel López Varela, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que dí que xa explicou noutro Pleno que o seu partido está en contra de que os propietarios das grandes fortunas estén exentos do imposto, e que veñen representando un vinte ou trinta por cento da poboación que aportan un oseta por cento da recadación.

Asegura que o Partido Popular pretende salvaguardar os intereses deste sector rico da poboación, e por iso non pode coincidir coas propostas do PSdG.

O PSdG-PSOE está a favor de que as herdanzas normais non tributen, pero non poden estar dacordo con que as grandes herdanzas, que implican traspasos de capitais alleos ao traballo, estén exentos de todo imposto.

Dona Dulce María Neira Fraga, voceira do Grupo Municipal do BNG, insiste na postura mantida en Plenos anteriores, polo que reiteran a súa oposición a aprobación da moción.

O voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don José Pardo Lombao, asegura que unha herdanza de 125.000 euros implica que a meirande parte das herdanzas en Galicia están suxeitas a tributación. E con isto únicamente se consegue o empobrecemento da comunidade, coa fuga de capitais, peche de empresas... etc. A transmisión dunha pequena empresa, se implica un desembolso tributario como o actual, pode abocala ao peche, xa que se o nivel de rendabilidade é baixo, pode non compesar mantela (explotacións agrarias etc....)

E se a empresa é máis grande, trasladará a súa sede a Valencia, Madrid, etc. É por isto polo que se propón a supresión deste imposto que empobrece a Galicia.

Estas políticas (coma as tributarias), son a orixe da actual situación económica que nos arrastra ao desastre a unha velocidade de 6000 desempregados ao día. E vostedes seguen a insistir en incrementar a presión fiscal.

Don Miguel Ángel López Varela insiste en que é inxusto non gravar a riqueza acumulada e transmitida sen esforzo, e como o Partido Popular pretende axudar aos máis ricos e é impresentable eximir aos ricos e manter a tributación os menos favorecidos, propón eximir a todos e, deste xeito, beneficiar ao gran capital. Non se pode estar dacordo con esta estratexia.

Dille ao sr. Alcalde que, ao mellor, para él non é moito recibir unha herdanza de 125.000 euros, pero para eles son moitos cartos.

Asegura o sr. Alcalde que aos que andan en coches de medio millón de euros 125.000 euros deben parecerlles poucos cartos.

Dona Dulce María Neira Fraga dí que nunca estarán de acordo nas reformas fiscais que impliquen unha baixa dos impostos directos e suba dos impostos indirectos, e defenderán unha tributación directa en función da capacidade económica do contribuínte.

O sr. Pardo Lombao asegura que neste debate e con esta reforma tributaria, o PSOE volta a manifestar unha total diferenza entre o que dí e o que fai. Isto se chama utilizar aos cidadáns.

Respecto da intervención da voceira do BNG, comparte a idea de que os impostos deben ser progresivos, e non só os impostos, e pon coma exemplo o feito de que fai un mes o barril de petróleo estaba a 150 dólares e agora a 50, mentres que neste intre a gasolina apenas baixou un 10 ou 15% e o Goberno non fai nada. Isto sí que é respaldar aos ricos. Vostedes predicán unha cousa e practican outra.

E insiste que é ridículo pretender facer ver que 125.000 euros son moitos cartos para apricar a exención do imposto mentres que se anda nun coche de 500.000 euros ao tempo que se mantén un parque móvil de centos de coches.

Por último, propón votar a favor da moción porque as medidas que recolle son necesarias nunha situación económica de crise coma a que vivimos e porque se estabrecen diferenzas de discriminación negativa con respecto a outras comunidades.

Sométese a votación a moción.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e catro votos en contra pertencentes aos restantes concelleiros da corporación.

A continuación, débátese o escrito de moción presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, con data de rexistro de entrada de 29 de outubro de 2008, e número de rexistro 2685, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR AO GOBERNO A REFORMA URXENTE DA FINANCIACIÓN LOCAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

Exposición de Motivos

A crise económica que padecemos, e cuxas manifestacións e consecuencias se amosan día a día, están a agravar aínda máis a sempre delicada situación das Facendas Locais.

A pesar de dispoñer de menos do 14% dos recursos públicos, os Concellos non teñen deixado en ningún momento, durante todos estes anos, de atender as demandas que os veciños lles viñan facendo, como administración que sinten máis cercana. Sería imposible imaxinar a Galicia sen o papel vertebrador, de cohesión e de atención ós cidadáns desenvolvido polos 315 Concellos galegos.

Pero agora a situación se torna crítica: a diminución da actividade urbanística en Galicia, que xa neste ano se sitúa no 35%, vai provocar que no 2008 os Concellos galegos deixen de percibir, cando menos, 20 millóns de Euros dunha fonte de recursos que representa máis dunha quinta parte do total dos seus ingresos, diminución que, sen lugar a dúbidas, será maior no vindeiro ano.

A situación non pode seguir así por moito máis tempo. A crise económica e urbanística, unida ás dificultades extraordinarias para poder acceder ós créditos, sitúan ós Concellos galegos practicamente ó borde do abismo, e comprometen moi seriamente a continuación na prestación de servizos básicos ós nosos veciños.

Debemos evitar o colapso económico dos Concellos, e non debemos, dende logo, aumentar os impostos municipais, o que non faría se non aumentar aínda máis as dificultades económicas dos nosos veciños

Nembargantes, os pasos dados polo Goberno do Estado parecen indicar que a intención é exactamente a contraria: confirmando o adiantado polo Ministro Solbes, o avance dos Presupostos Xerais do Estado confirman que no ano 2009 os Concellos verán diminuída a súa participación nos Ingresos do Estado (case a cuarta parte dos ingresos totais dos municipios) en non menos dun 1,5 %, e que no caso dos Concellos galegos podería chegar a un 2%.

Pola súa banda, a realidade do Pacto Local asinado no ano 2006 amosa que o 90% dos compromisos económicos da Xunta cara os Concellos están sen executar, e só o modelo de participación nos ingresos da Xunta posto en marcha baixo a Presidencia de Manuel Fraga se está a manter.

Os nosos veciños reclaman a implicación do Goberno do Estado e do da Xunta para evitar a quebra dos Concellos.

Por todo isto, o Grupo Popular do Concello de OUTEIRO DE REI presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Esixir o compromiso do Presidente do Goberno de que aumentarán - con cifras reais e sen maquillaxes- as transferencias económicas do Estado ós Concellos, rectificando en consecuencia, de xeito inmediato, as previsións establecidas no avance dos PGE.

Segundo: Reclamar ao Goberno o comezo inmediato das negociacións para reformar as facendas locais, vinculándoa, dacordo co compromiso adquirido polo Sr.Zapatero no seu Discurso de Investidura, á propia reforma do sistema xeral de financiación autonómica.

Terceiro: Se insta ao Goberno para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos Concellos e das Deputacións Provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

Cuarto: Esixir ao Goberno a creación urxente dun Consello Local de Política Financieira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

Quinto: Solicitar aos Presidentes da FEMP e da FEGAMP a celebración dunhas Asambleas Extraordinarias que reivindiquen a reforma da financiación local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de forma que os Entes Locais poidan garantir aos cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde aos Entes Locais como administración máis cercana.

Outeiro de Rei, 22 de outubro de 2.008

Asdo.: José Pardo Lombao”

Defende a moción o sr. Alcalde, desenrrolando as ideas básicas transcritas no texto da moción, e insistindo na necesidade de incrementar a financiación local, máxime en tempos coma os presentes de crise económica. Alude ao incumprimento pola Xunta de Galicia do Pacto Local asinado no seu día coa FEGAMP, así como a necesidade de incrementar a participación dos municipios nos recursos do Estado con arreglo a criterios xustos.

Pretende, deste xeito, mellorar a capacidade económica dos concellos e, deste xeito, mellorar a calidade dos servizos aos cidadáns.

A voceira do BNG, dona Dulce Neira Fraga, coincide na calificación da financiación local coma insuficiente, e recorda que o BNG ven proponendo unha meirande financiación local distribuída con criterios nos que se pondere suficientemente a superficie do termo, o número de núcleos de poboación, e o envellecemento da poboación non soamente a poboación e esforzo fiscal. Asemade, propón que a participación dos municipios nos tributos do estado se transfira a Xunta de Galicia para a súa xestión.

Polo tanto, propón modificar a moción no sentido de que se incorporen as propostas relativas aos criterios de reparto e a transferencia dos fondos a Xunta de Galicia para a súa xestión.

Intervén o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que se sorprende de que nos antecedentes da moción se fale de non subir os impostos municipais cando, non

fai moitos meses, se trouxo a este Pleno unha suba dos impostos. E logo fala o Alcalde de que predicar e non facer.

Por outra banda, fala de que se prevé nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2009 unha redución dos fondos a transferir as entidades locais, mentres que nos orzamentos xerais do Estado se prevé unha suba do 6.3% dos fondos a transferir. Pódese concluir que a moción presentada non é moi acertada.

O PSdG cree que se debe mellorar a financiación local, e neste sentido está a traballar a FEMP e o Goberno da Nación, fixando as seguintes liñas de traballo:

- Fixar un novo método de valoración de inmobles para o Imposto de incremento de valor dos bens inmobles de natureza urbana.
- Crear un fondo complementario para os pequenos municipios cunha dotación de uns oitenta millóns de euros.
- Elevar o porcentaxe de anticipo ata o 100%.

Polo tanto, as aseveracións verquidas na exposición de motivos da moción non se axustan a realidade.

Por último, pregúntalle ao sr. Pardo Lombao a qué se refire coa pretendida actualización do catastro, xa que a última revisión se fixo en tempos do goberno do PP.

O sr. Pardo Lombao dí que o voceiro do PSOE parece que pinta unha situación idílica, pero a realidade é que no proceso de descentralización do Estado os fondos foron transferidos, na súa meirande parte, ás CCAA, e a unhas máis que as outras, e posiblemente Galicia non foi das comunidades máis favorecidas.

Coa finalidade de correxir algo esta situación, se asinou o denominado Pacto Local. A día de hoxe, a Xunta incumpriu sustancialmente o pacto local, e o único que fixo foi pagar o gasoil dos centros escolares (servizo de competencia autonómica, non municipal, e que nembargantes foi financiada historicamente polas entidades locais: solar para o edificio, calefacción, mantemento, conserxe...etc.). E aínda a día de hoxe, os custes de mantemento de moitos centros sanitarios están sendo financiados polos concellos.

Dicía o voceiro do PSdG que o Concello subiu os impostos, e isto é totalmente falso, xa que non subiu os impostos, senón que modificaron as taxas. A modificación das ordenanzas dos impostos non implicaron unha suba, senón un reaxuste do articulado, a fijación de bonificacións e exencións e, no caso do IVTM, un reaxuste dos decimais para facilitar a xestión. Debería contar a verdade, e a verdade é que non se subiron os impostos e non se van a subir neste ano.

Respóstalle ao voceiro que o catastro debe actualizarse para que se axuste a realidade. Advirte a sorna na formulación da pregunta, coa que se pretende culpar ao PP de que o catastro se fixera mal. E hai que dicir que, no seu caso, a responsabilidade sería do estado, non do municipio, que bastante fixo ponendo os medios materiais para facilitar o exercicio desta responsabilidade propia da Gerencia Territorial do Catastro. O Concello non puido facer máis. En calquer caso, aquí non se fala da xestión do

Ministerio, senón da financiación das entidades locais. Porque como non se atalle o problema de financiación os concellos terán de recortar drásticamente os servizos.

Finaliza ratificando o contido da moción e a importancia da súa aprobación, e recorda aos membros da oposición que deberían votar a favor, xa que están aquí para representar os intereses do concello e dos veciños, non os intereses dos seus respectivos partidos políticos.

Sométese a votación a moción presentada.

Realizada a votación, resulta aprobada con seis votos a favor pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e catro votos en contra pertencentes aos restantes concelleiros da corporación.

8- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADAS.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 28 de outubro de 2008, e número de rexistro 2679, do seguinte teor literal:

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 31 de outubro de 2008.

PREGUNTAS

Na sesión plenaria do pasado 27 de xuño a proposta do alcalde e co voto favorable de PP e PSOE, acordouse que o Concello de Outeiro de Rei se integrase na asociación “Contorno do Miño”, unha das dúas novas entidades que pretendían presentarse para xestionar o GDR-4 que integra o concello de Outeiro de Rei xunto cos concellos de Lugo, Castroverde, Rábade, O Corgo, Guntín e Friol.

O BNG non apoiou aquel acordo por entender que o lóxico sería acordar participar e integrarse no GDR sen definirse a priori por unha única opción, a expensas de como evolucionara o proceso.

O resultado final deste proceso trouxo como consecuencia que a opción escollida polo señor alcalde, por razóns que descoñecemos e que inda non foron explicadas a esta Corporación, non chegou a presentar candidatura a Agader e polo tanto, o concello de Outeiro de Rei non participa na elaboración e definición do programa LEADER nin forma parte da asociación que vai xestionar o GDR-4.

Sendo o Leader un programa moi interesante para favorecer o desenvolvemento rural e a actividade industrial e comercial vinculada a este sector o grupo municipal do BNG presenta as seguintes preguntas,

1.- Ten previsto esta alcaldía solicitar a integración do concello de Outeiro de Rei na asociación “Terras de Lugo”, xestora do GDR-4 e así, poder participar dos proxectos de desenvolvemento que este grupo promova?

2.- De ser así, en qué momento está previsto traer a este pleno a proposta de solicitude de integración neste grupo de desenvolvemento rural?

Outeiro de Rei, a 27 de outubro de 2008

Asdo: Arcadio Lombao Román

Asdo: Dulce M^a Neira Fraga

O Alcalde considera que esta pregunta está contestada en tanto o punto 4 da orde do día trataba sobor a incorporación a asociación xestora do GDR4. E asegura que non se trouxo o asunto a orde do día como consecuencia da pregunta, senón como consecuencia de que o posibilidade e necesidade de adhesión xurdiu tralo Pleno anterior e non se viu necesario convocar un Pleno extraordinario para este asunto.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 28 de outubro de 2008, e número de rexistro 2680, do seguinte teor literal:

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN e Dna. DULCE MARÍA NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa contestación no pleno ordinario do 31 de outubro de 2008.

PREGUNTAS

Vai para dúas lexislaturas o pleno aprobou por unanimidade unha moción presentada polo BNG na que se solicitaba ao Ministerio de Fomento a construción dun paso elevado pionil á altura do límite entre o concello de Outeiro de Rei e o de Lugo, na estrada N-VI fronte ao acceso á San Martiño de Guillar e Constante - Silvarrei. A pesar do tempo transcorrido, este pleno non recibiu ningunha información nin ten coñecemento da realización de ningunha actuación para resolver o grave problema para a seguridade dos veciños, traballadores ou calquera outra persoa que teña que cruzar a pé a N-VI nese tramo. Por todo isto o grupo municipal do BNG presenta as seguintes preguntas,

1.- En qué data foi presentada esta petición ao Ministerio de Fomento?

2.- Recibiu este Concello algunha resposta a esta demanda e en qué sentido?

3.- De non ser así, ten pensado esta Alcaldía reiterar esta petición para que o Ministerio de Fomento resolva canto antes esta situación?

Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2008

Asdo: Arcadio Lombao Román

Asdo: Dulce M^a Neira Fraga

Resposta o sr. Alcalde o seguinte:

- Con data de rexistro de saída de 7 de maio de 2003, se remitiu ao Director General de Demarcación de Carreteras del Estado, ao Ministro de Fomento e ao Jefe de Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia a solicitude de construción do citado paso elevado pionil. Xa antes desta data, en novembro de 2002 se remite unha solicitude do Alcalde neste sentido. solicitude que foi reiterada polo Pleno da Corporación con data de 24 de abril de 2003 en virtude de unha moción do BNG. Finalmente, con data de 8 de xullo de 2003, se recibe contesta do Ministerio no que se informa desfavorablemente a solicitude de instalación da pasarela peonil.

Dende aquela se fixeron algunhas xestións máis neste sentido sen que ata o momento deran resultado.

O equipo de goberno do concello cosidera convinte a instalación da pasarela peonil, senón é neste punto concreto, sí noutro axeitado igualmente a tal fin.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do rogo presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 28 de outubro de 2008, e número de rexistro 2681, do seguinte teor literal:

Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no concello de Outeiro de Rei, en base á lexislación vixente

EXPOÑEN:

O 27 de febreiro de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo aprobou a aplicación do procedemento de taxación conxunta para a determinación do prezo xusto do “Proxecto de expropiación do antigo cárcere vello do partido xudicial de Lugo”. Nese mesmo acordo aprobouse inicialmente o expediente relativo a este proxecto de expropiación, cunha superficie para expropiar de 1.729,46 m² e unha valoración que ascende a 1.041.559,01 euros.

O Concello de Outeiro de Rei foi notificado da devandita resolución, onde se lle comunicaba a apertura dun prazo de alegacións dun mes. No referido prazo, os abaixo asinantes presentaron alegacións solicitando unha nova taxación económica á alza das superficies expropiadas de maneira que o Concello de Outeiro de Rei se vise compensado pola perda de patrimonio municipal que supuña a expropiación.

Finalmente, o 1 de outubro de 2008, a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo declarou a inadmisibilidade das alegacións formuladas e aprobou definitivamente o “Proxecto de expropiación do antigo cárcere vello do partido xudicial de Lugo” na que o Concello de Outeiro de Rei é titular do 8,11919 % do edificio.

Segundo a valoración feita polo Concello de Lugo a porcentaxe da que é titular o Concello do Outeiro de Rei materialízase en 122.243,74 euros.

A resolución citada foi notificada o 20 de outubro, e nela conferíase un prazo de vinte días para manifestar por escrito a desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado.

O BNG de Outeiro de Rei considera necesario manifestar a desconformidade coa valoración establecida, entendendo que non se axusta ao valor real do inmovible. De tal maneira, e en vista do artigo 143.7 da Lei 9/2002, de 30 decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galiza

ROGAN:

Que o Concello de Outeiro de Rei lle comunique por escrito ao órgano expropiante, neste caso o Concello de Lugo, a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado para que se lle dea traslado do mesmo ao Xurado de Expropiación a efectos de fixar o prezo xusto.

Outeiro de Rei, 28 de outubro de 2008

*Asdo.: Arcadio Lombao Román
Portavoz do GM do BNG*

*Asdo.: Dulce Neira Fraga
Concelleira do GM do BNG*

O sr. Alcalde informa que, con data de 31 de outubro de 2008, a Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei rexeitou a valoración do xustoprezo realizada polo Concello de Lugo, ratificando a valoración realizada por TINSA, que é preto de cinco veces superior ao xustiprezo formulado polo Concello de Lugo. Asemade, anuncia que este Concello ten a firme intención de defender un prezo xusto con tódolos medios legais ao seu alcance, incluso chegando a xurisdicción contencioso-administrativa.

A continuación éntrese a contestar os escritos de preguntas formulado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

Previamente, o sr. Alcalde prega aos concelleiros deste grupo municipal que presenten as preguntas con maior antelación, xa que non é de recibo presentalas as doce para que sexan contestadas a unha, xa que se arriscan a que se deixen para o Pleno seguinte.

Xa non se trata de aplicar o reglamento a rajatabla, senón por ética, deberían presentar as preguntas con máis antelación, xa que nalgúns casos para contestar con precisión é preciso recabar documentación ou informes dos servizos municipais, e isto require un mínimo de antelación.

Ata o momento nunca se deixaron preguntas por contestar a pesares da práctica do PSdG de presentar as preguntas antes de entrar na sesión, pero é necesario advertir as posibles consecuencias deste xeito irregular de actuar.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz do escrito de preguntas presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 5 de novembro de 2008, do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:

1.- Respecto as obras da Escola de Matela ¿Remataron as obras que se pretendían realizar?.¿Podería explicar en que consistieron e si se ten previsto realizar algunha mellora a maiores?

2.- ¿Podería explicar o Sr. Alcalde, si o recente derribo, da fosa séptica ubicada en San Juan de Parada, estaba nun terreo público ou privado?.

3.- ¿Ten constancia o Sr. Alcalde, do estado en que se atopan os accesos as insuas de Cela? ¿Pensa facer algo para solventar o problema?.

4.- ¿Podería explicar o Sr. Alcalde como se atopa o estado do firme do camiño no Centro de Outeiro de Rei, indicando no anexo 1, engadido a estas preguntas? ¿Cal é o motivo do estado do grave deterioro dese firme?.¿De que forma e cando se pensa arranxar?.

5.- Así como contestou na anterior sesión plenaria, que a situación dos terreos de cesión obrigatoria pertencentes ao sector RA-49, foron obxecto de monetarización de quen son propiedade e que pasos se seguiron para a realización da venda si é que se produxo algunha venda?.

6.- ¿Podería explicar o Sr. Alcalde cales son as funcións, horarios e lugar de traballo da Conserxe do Colexio?.

*En Outeiro de Rei a 05 de Novembro de 2008-12-05
Asdo. Miguel Angel López Varela”*

O sr. Alcalde resposta:

- Respecto da escola de Matela asegura que nos últimos meses non se fixo ningunha obra na escola de Matela. As últimas obras que se fixeron están rematadas, e a escola neste momento está en boas condicións. As últimas obras consistiron na recollida de augas e na pintura. Hoxe en día a escola está nunhas condicións bastante aceptables, tanto na primeira planta coma na segunda. Queda por facer obras de eliminación de barreiras arquitectónicas, que se fará tan pronto como sexa posible.

- A foxa de Parada se atopaba na colindancia entre o terreo público e o terreo privado, invadindo ambos predios. Dita foxa é a orixe dunha infracción urbanística grave e por iso foi demolida.
- No que respecta as Ínsuas de Cela, os catro ou cinco accesos que debe haber están en perfectas condicións para a circulación de maquinaria agrícola. De calquer xeito, temos que recordar o contido do Protocolo de actuación coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que acabamos de aprobar e que establece un réxime de protección dos cauces fluviaais. Asemade, as Ínsuas teñen a condición de solo de protección de espazos naturais, polo que non se pode pretender asfaltalas.
- Respecto da pregunta sobor o estado do camiño que discurre polo centro de Outeiro de Rei, nótase que o que pregunta o fai sen preocuparse por coñecer a realidade sobor a que pregunta, xa que se se molestase en pasar por alí hoxe, antes de presentar a pregunta, decatárase que o camiño está recén amañado.
- Informa que a edificabilidade obxeto de cesión obrigatoria correspondente ao sector RA-49 foi obxeto de monetarización, tal e como permitía a legislación entón vixente. Polo tanto non se chegaron a materializar nun terreo concreto. Consecuentemente, non materializándose unha parcela concreta, non se pode coñecer cal é o seu actual titular.
- O posto de Conserxe é de adscripción indistinta, e presta servicios varios de atención ao público, entre eles, as funcións de conserxe no centro escolar, a biblioteca ou doutros edificios en casos necesarios (casa de cultura..etc.). pero non se pode falar de conserxe do colexio.

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura en viva voz o rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 5 de novembro de 2008, do seguinte teor literal:

“ROGO que formula Don Miguel Ángel López Varela portavoz do grupo socialista no Concello de Outeiro de Rei ó amparo do disposto no art. 97/6 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, en relación co art.56.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Visto o interés que puxo a CONSELLERIA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, en poner en marcha o proxecto do Transporte Metropolitano, nos distintos Concellos da provincia de Lugo.

Sendo esta unha medida, moi interesante e que pode facilitar a moitos veciños de Outeiro de Rei o seu desprazamento a distintos puntos de Lugo, enlazando co transporte urbano do Concello de Lugo.

Polo exposto,

ROGO: A inclusión do Concello de Outeiro de Rei no Proxecto de Transporte Metropolitano posto en marcha pola CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.

En Outeiro de Rei, a cinco de Outubro do 2008

O portavoz

Fdo. Miguel Ángel López Varela”

O sr. Alcalde informa que a Consellería de Política Territorial, tras tres anos de goberno, ofrécenos aínda agora o servizo metropolitano, servizo que, ademáis, se limita a N-VI. Parécelle pouco e tarde o ofrecido, e cree que se debería ampliar o servizo máis alá do percorrido da N-VI, pero en calquer caso, anuncia que o Concello se vai a integrar, aínda nestas condicións que non son do total agrado do equipo de goberno e aínda que o servizo lle parece insuficiente.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as catorce horas e trinta e sete minutos, e da que eu, Secretario, estendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Segretario

Vº e Praxe, O Alcalde.